

## **ESPECIALIDADE DE BANDA/ORQUESTRA**

### **PROBAS DE ACCESO A CURSOS DE GRAO PROFESIONAL**

#### **Criterios de avaliación**

- Interpretar por seccións calquera das obras programadas. Mediante este criterio trátase de valorar a capacidade para adecuar o propio son ao da familia correspondente e a precisión de ataques e entradas de acordo coa anacruse do director ou da directora.
- Reproducir calquera das obras programadas, reducindo a corda ao número mínimo posible do alumnado por cada sección dela. Este criterio pretende avaliar a capacidade de escoita das outras partes, unificándose coas afíns, e o grao de afinación harmónica e do conxunto, unificando unísonos.
- Repentizar unha obra de pequena dificultade. Este criterio pretende comprobar a integración rítmica no conxunto seguindo o tempo marcado polo director ou a directora, a precisión para reaccionar ante as súas indicacións, o dominio do seu instrumento e o grao de afinación na lectura a vista.

#### **Contidos**

- Importancia da afinación previa a partir do LA do óboe.
- A anacruse como movemento básico da práctica do grupo.
- Reacción e comprensión ante as diferentes anacrusas do director/a.
- Desenvolvemento do oído para o control permanente da afinación dentro da agrupación.
- Desenvolvemento da igualdade en ataques (instrumentos de vento e percusión).



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



*Rúa Pablo Iglesias s/n  
32004 - Ourense  
tlf. 988391047- fax 988391971  
cmus.ourense@edu.xunta.es  
[www.conservatoriourense.org](http://www.conservatoriourense.org)*

- Desenvolvemento da igualdade nos golpes de arco.
- Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.
- Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do director ou da directora, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.
- Importancia do papel de cada un dos membros da agrupación.
- Traballo por seccións.
- Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.